



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de novembro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilariño

José Luís Rodríguez Franco

Ricardo Rodicio González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e nove de novembro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro Manuel González Moreira.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día vinte e oito de outubro de dous mil once.

#### **2º.- CONTA DE GASTOS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

*1.- Aprobar a certificación número 7 e final da obra "mellora na rede de saneamento, e de infraestruturas de depuración de augas residuais urbanas" por un importe total de mil cento oitenta e seis euros con sesenta céntimos (1.186,60).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **3º.- LICENZAS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a Unión Fenosa Distribución S.A. representada por D. José Yebra Fernández para instalar unha "LMT e CT no P.K. 2.500 da C.P. 4711 de Piño a Pacios de Veiga.*

2.- *Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por seiscentos oitenta e oito euros con oitenta e tres céntimos (688,83€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **4º.- REPRESENTACIÓN XUDICIAL DO CONCELLO.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a resolución da Secretaría Xeral de Familia e Benestar na que se indican as achegas para o cofinanciamento da prestación básica de servizos sociais, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Encomendar a representación do Concello da Pobra do Brollón para a presentación de recurso contencioso administrativo contra a resolución da Secretaría Xeral de Familia e Benestar na que se indican as achegas para o cofinanciamento da prestación básica de servizos sociais e cantas actuacións ou causas deriven do mesmo aos procuradores apoderados na escritura de outorgamento de poder nº 529/2010 de 12 de abril feito ante a Notaría D<sup>na</sup>. Patricia Posse Paz.*

2.- *Encomendar a defensa dos intereses do concello no recurso citado aos servizos xurídicos da Deputación Provincial de Lugo.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **5º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas así como a documentación adxunta ás mesmas da que resulta que a súa antigüidade é superior ós 25 anos, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Dar de baixa no imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica os seguintes vehículos e con efectos dende o exercicio que se sinala:*

<i>Propietario</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>José Antonio Somoza Pérez</i>	<i>34.216.247-K</i>	<i>LU-1677-E</i>	<i>2012</i>

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:*

<i>Titular</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>José Ramos Martínez</i>	<i>34.257.808-K</i>	<i>2240-HDDD</i>	<i>2012</i>

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### 6º.- TAXAS MUNICIPAIS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas a solicitude da interesada e o estudo feito polo persoal encargado segundo o que por mor dunha avaría do contador tivo un consumo esaxerado, que segundo dito estudo se cifra en 125m<sup>3</sup>, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Recoñecer o dereito á devolución que se sinala a favor de D<sup>na</sup>. María Luz Dacal González con D.N.I. número 34.215.628-T polo consumo de auga durante 2010 no enderezo Avda. De Galicia, 75, 1º.*

Titular	D.N.I.	Volume	Prezo	Importe	IVE	Total
María Luz Dacal González	34.215.628-T	125M <sup>3</sup>	0,34€/m <sup>3</sup>	42,50€	3,40€	45,90€

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas a solicitude da interesada e tendo en conta que solicitou a baixa no servizo municipal de augas con data 25 de febreiro de 010, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Recoñecer o dereito á devolución que se sinala a favor de D<sup>na</sup>. Amelia Maceda Rodríguez con D.N.I. número 34.144.072-C polo consumo de auga durante o segundo semestre de 2010 no enderezo Castrosante, número 3.*

Titular	D.N.I.	Volume	Mínimo
Amelia Maceda Rodríguez	34.144.072-C	0M <sup>3</sup>	14,90€

2.- *Non recoñecer o dereito a devolución á mesma interesada do importe correspondente ao lixo e complementarios por ser pola súa*

*natureza, e de acordo co establecido no artigo 2.1 da ordenanza fiscal número 8, reguladora da taxa por recollida e tratamento de lixo, un servizo de recepción obrigatoria.*

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas a solicitude do interesado e tendo en conta que no ano 2009 vendeu a casa que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Recoñecer o dereito á devolución que se sinala a favor de D. Ángel Álvarez González con D.N.I. número 34.144.072-C polo servizo de lixo e complementarios durante o ano 2010 no enderezo Demadoiro número 53 na parroquia de Salcedo.*

Titular	D.N.I.	Período	Importe
Ángel Álvarez González	34.144.072-C	2010	49,80€

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste os efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a dezaseis de xaneiro de do-  
us mil doce.



